

Como unha illa

O estreito paso de Armark



RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO

Con *Nove de novembro*, María Lado vén de acadar a X edición do Premio Avelina Valladares de Poesía, convocado polo Concello da Estrada e publicado por Edicións Fervenza. Con este, son tres os poemarios desta prolífica poetisa e moitas as colaboracións en revistas e libros colectivos. A ilustración da portada, obra de David Rubín, desafina e desentoa co contido, chegando a frear inicialmente o interese do lector. Non pasa o mesmo co limiar de Suso Bahamonde que arrinca con forza e entusiasmo preparando o camiño do que aínda falta por chegar. Neste libro María xoga a dúas bandas tras o cristal de freshnel determinando as diferenzas entre a luz das estrelas e as terrestres, que xuntas inflúen no movemento, na propagación da luz e das mareas. Xoga cadenciosamente con paralelismos entre a illa e os cetáceos, o amor e o desacougo, pero sobre todo coas páxinas cheas de auga, mar e placenta. Unha profunda simbiose de fertilidade amputada pola dor dunha cesárea.

A orixe de *Nove* foi lenta pero constante, o sedimento fecundou nunha peque-

na codia alá no fondo e en pouco tempo, Xonás xa levaba tres días dentro.

En novembro os baleeiros zarpan con trinta mariñeiros e navegan cara as zonas árticas, alí onde “o pastor dos cachalotes”, Bernardino, guía polo estreito de Armark ao seu rebaño, pasando desapercibido. Alí onde o capitán Ahab persigue a Moby Dick, a gran balea branca. Alí onde as embarcacións atrapan aos baleatos máis pequenos pois saben que deste xeito os grandes virán a protexelos.

En *Nove* María dános unha lección de léxico mariño, con vocábulos e termos cheos de salitre, que cheiran a peixe

e a tabernas onde os homes reman no viño de morpheo.

Os versos de *Nove* están rodeados de auga como unha illa, como un barco que navega arrastrando o sufrimento da balea bai-

xo ondas, ondas de agonía amarradas con crueldade cara o porto, onde arriban guiadas polos faros mudos e cómplices do exterminio. Pero ás veces o leviatán esperta vingativo como un xigantesco monstro mariño e devora naves enteiros, embarcacións que naufragan e van a pique alá onde dormen os afogados.

No mes das Ánimas, alá por San Martiño, tocan as campás do purgatorio nove veces cada día.

O poemario ten un engadido adicional ou bonus track onde Alicia sente no seu corpo enteiro un estímulo breve pero intenso, unha luz chea de preciosos obxectos como cunchiñas invisibles, pequenos cortes no horizonte, máis alá do tempo, no país das marabillas onde o mar é un océano encantado.

Novembro de María, quedou en nove, sobresaínte merecido por todos estes meses navegando a bordo dunha illa deshabitada.

LADO LARIÑO, *María, Nove*, Ed. Fervenza, A Estrada, 2008, 56 páxinas.

